



XORNADA DE VIXIANCIA SANITARIA DAS PERSOAS TRABALLADORAS EXPOSTAS AO RUÍDOPSIKOSOCIAIS

MODALIDADE: PRESENCIAL **NÚMERO DE HORAS:** 5 **EDICIÓNS:** 4

LUGARES DE IMPARTICIÓ: A Coruña, Ourense e Santiago de Compostela (2 ed.).

DATOS REQUERIDOS PARA INSCRIBIRSE: Nome e apelidos, núm. DNI, teléfono de contacto e nome do sector no cal traballa.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Esta acción formativas está dirixida as persoas traballadoras activas ou en situación de desemprego e as persoas traballadoras autónomas, de calquera sector produtivo de Galicia que traballen en ambientes cun alto nivel sonoro e que poida danar a súa saúde.

DESCRICIÓ:

O traballo en ambientes con alto nivel sonoro (ruído) comporta a posibilidade de producir patoloxías amplamente estudadas nos traballadores expostos polo que procede estudo e adaptación daqueles postos de traballo con riscos que poidan danar a saúde dos traballadores e ao mesmo tempo faise necesaria unha vixilancia específica da saúde dos expostos.

O ruído no traballo pode provocar danos auditivos permanentes e incapacitantes. Estes poden producirse de forma gradual, a partir da exposición ao ruído ao longo do tempo, pero os ruídos repentinos e extremadamente fortes tamén poden provocar danos. O dano é incapacitante na medida en que pode impedir que as persoas entendan o que se lles di cando se lles fala, que manteñan unha conversación ou que utilicen o teléfono.

O ruído no traballo pode interferir nas comunicacións e facer que os avisos sexan difíciles de oír. Tamén pode reducir a percepción que ten unha persoa do que ocorre á súa ao redor. Estes factores poden provocar riscos para a seguridade, que poden resultar en lesións ou a morte.

Debido ao impacto do ruído na saúde dos traballadores en distintos sectores produtivos, faise indispensable realizar unha formación que informe sobre os principais efectos auditivos e non auditivos, por en coñecemento da vixilancia sanitaria expostos ao ruído así como establecer

distintas medidas preventivas e de control do ruído na contorna laboral e a nivel sanitario.

Polo que como un dos obxectivos principais son os de sensibilizar a todo persoal empresario e traballador dos distintos sectores produtivos da importancia da prevención coa diminución ou eliminación do ruído dende a súa orixe ou a súa redución ao nivel máis baixo posible, para seguidamente analízalo. A avaliación esixirá, como norma xeral, a medición dos niveis de ruído, con obxecto de valorar a exposición ao mesmo, así como das medidas preventivas a nivel sanitario e de control do mesmo nos distintos espazos laborais.

Neste senso, os principais obxectivos específicos que se dirixen nesta acción formativa son os seguintes:

- Coñecer os principais factores de risco asociados á exposición do ruído.
- Identificar os principais efectos auditivos e non auditivos na saúde dos traballadores.
- Avaliar e coñecer os principais métodos de avaliación médica e medidas de prevención sanitaria do ruído.
- Simular e resolver cantas dúbidas nas distintas situacións reais para mellorar as medidas de prevención e control.

BLOQUE DE CONTIDOS:

1. Introducción: riscos do traballo a quedas e a exposición ao ruído.
2. O impacto do ruído na saúde dos traballadores a quedas.
3. Avaliación e vixilancia sanitaria de traballadores expostos a ruído.
4. Medidas preventivas e control do ruído na contorna laboral.
5. Casos prácticos e resolución de dúbidas.

AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN:

Os asistentes que, cumprindo co requisito de asistencia a esta actividade segundo a orde que regula esta convocatoria, recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia.

co financiamento de

